



XUNTA DE GALICIA

**DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA**

Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

**Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural
e do Mar da Coruña. Servizo de Montes
Rexistro de Montes Veciñais en Man Común
Edificio Adtvo. Monelos s/n
15008 A Coruña**

**Asunto: comunicación da compra de parcelas pola comunidade veciñal de
Barbanza e Postmarcos de Pobra de Caramiñal**

Con data 10.06.2014 o representante da comunidade veciñal de Barbanza de Postmarcos do concello de Pobra de Caramiñal informa que a devandita comunidade adquiriu nos anos 1992 e 1996 dúas parcelas en favor da devandita comunidade e solicita ao Xurado a tramitación da súa clasificación como veciñal en man común.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña reunido o día 28.11.2014 acordou que este suposto da comunidade de Postmarcos, por seren as adquisicións anteriores á entrada en vigor da lei, está previsto no artigo 57.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia segundo o cal deben comunicarse ao Xurado que "integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte e que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos".

De acordo, pois, co disposto no artigo 57.4 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e segundo o acordo polo Xurado na súa xuntanza do 28.11.2014 no que se informou deste suposto, comunico a ese Rexistro as adquisicións realizadas pola comunidade de Postmarcos a fin de que se proceda segundo o previsto na Lei de montes.

A Coruña, 15 de decembro do 2014

A secretaria do Xurado

Ma Dolores Arias Rodríguez

